

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ASUNTO.- DESIGNACIÓN MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE TRABALLO DE MONITOR DEPORTIVO-SOCCORRISTA

Visto o contido da Orde do 22 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2014, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 102, do 30 de maio de 2.014.

Considerando a necesidade de proceder á contratación dun MONITOR DEPORTIVO-SOCCORRISTA e efectuadas as correspondentes solicitudes á Oficina de Emprego de Celanova para a categoría profesional de MONITOR DEPORTIVO-SOCCORRISTA.

Visto o disposto na Base Décima das que rexen a presente contratación, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2014.

En uso das facultades que me confire o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, así como no artigo 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

### RESOLVO

PRIMEIRO.- Designar como membros do tribunal cualificador das probas selectivas para prover polo sistema de contratación temporal dun/ha MONITOR DEPORTIVO-SOCCORRISTA ás seguintes persoas:

Presidente: Dna. María del Carmen Rodríguez Fernández, en calidade de funcionaria do Concello de Lobios.

Secretaria: Dna. Marta Izquierdo Gamallo, na súa calidade de Secretaria do Concello de Lobios.

Primeiro vogal: Dna. María Carmen Domínguez Pérez, na súa calidade de Traballadora Social do Concello de Lobios.


Segundo vogal: D.Pablo Antonio Álvarez Martínez, na súa calidade de funcionario do Concello de Lobios.

SEGUNDO.- Convocar ás anteditas persoas para as 10:00 horas do día 3 de xullo de 2014 coa finalidade de proceder a avaliar o currículo dos/as candidatos/as presentados/as, levantando acta de valoración de méritos e elevar a correspondente proposta de contratación ao Sr. Alcalde.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos/ás interesados/as.

Lobios, 1 de xullo de 2014

A Alcadesa,  
Ante min,

  
Asdo.: María del Carmen Yáñez Salgado



A Secretaria-Accidental

  
Asdo.: María del Carmen Rodríguez Fernández